

CONVOCATORIA DE AXUDAS DE ESTUDOS PARA ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL E ESTUDOS DE GRAO ELEMENTAL OU PROFESIONAL NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CARBALLO.

CURSO 22/23

REQUISITOS (entre outros)

- É requisito indispensable que o beneficiario e, cando menos, un dos proxenitores estea empadroado no termo municipal de Carballo.
- Poderán optar a unha axuda aqueles/as solicitantes cuns ingresos familiares anuais que non excedan as cantidades que se recollen na táboa seguinte segundo o número de membros computables da familia.

MÁXIMO DE INGRESOS FAMILIARES ANUAIS	
Familias de 2 membros computables	22.840 €
Familias de 3 membros computables	31.000 €
Familias de 4 membros computables	36.813 €
Familias de 5 membros computables	41.146 €
Familias de 6 membros computables	44.417 €
Familias de 7 membros computables	47.650 €
Familias de 8 membros computables	50.867 €

Os ingresos calcularanse por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Os membros que presentasen Declaración do IRPF de 2021, sumarán os recadros 435 (base imponible xeral) e a 460 (base imponible do aforro), cando non se presentase teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola AEAT.

PRAZO PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

DO 04 DE ABRIL AO 04 DE MAIO

INFORMACIÓN E CONSULTA DE DÚBIDAS

- No enderezo electrónico culturacarballo@carballo.gal
- De luns a venres de 11.00 a 12.30 h de forma presencial no Pazo da Cultura ou telefonicamente nese mesmo horario no 981 704 300.

LUGAR E HORARIO DE PRESENTACIÓN

- A través da sede electrónica <https://sede.carballo.gal/>
 - Rexistro Xeral do Concello de Carballo 981 704 100
 - **Rexistro auxiliar de Cultura de 11.00 h a 12.30 h** 981 704 300
 - Rexistro auxiliar Servizos Sociais 981 704 706
 - Rexistro auxiliar Deportes 981 702 109
 - Rexistro auxiliar Fórum 981 709 010

DOCUMENTACIÓN BÁSICA QUE SE PRECISA

- Modelo normalizado de solicitude con todos os epígrafes cubertos e asinados
- Copia do libro de familia ou Certificado Literal de Nacemento
- DNI ou NIF provisional do beneficiario
- Xustificante de titularidade onde constará o nº de conta (co IBAN) a nome do beneficiario/a ou solicitante da axuda.
- En caso de separación ou divorcio, deberán achegar sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a beneficiario/a.

IMPRESO SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN E BASES.

Pódese descargar na páxina web do Concello <http://www.carballo.gal> ou fisicamente no Pazo da Cultura.